

LINGUA GALEGA E LITERATURA: PREPARACIÓN PARA A SELECTIVIDADE. Temas.

VITORIA OGANDO VALCÁRCEL & ANXO GONZÁLEZ GUERRA
www.ogalego.eu/ogalego@galicia.com

IMPORTANTE: cómpre personalizar cada tema, cambiando palabras, cambiando a orde, introducindo algún dato novo ... porque os correctores penalizan os temas “chapados”

I. SOCIOLINGÜÍSTICA

1. As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
3. Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
4. O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
5. O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
6. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística

II. LITERATURA

1. A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
2. A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
3. A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
4. O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
5. A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
6. A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
7. A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.
8. O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
9. A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.
10. A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
11. A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
12. O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

TEMA 1. SOCIOLINGÜÍSTICA.- As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

A función esencial dunha lingua é a de servir como medio de comunicación entre os membros dunha comunidade e pode concretarse (ou non) noutras máis específicas: función de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional. Cando algunha delas é desempeñada por outra lingua falamos de **lingua minorizada**.

A convivencia lingüística é a situación máis habitual dado que as aproximadamente 5000 linguas coñecidas repártense nuns 200 Estados existentes, mais raramente esta convivencia é pacífica:

- * Nuns casos o poder político e económico impón a súa lingua oficial provocando a desaparición da lingua autóctona (o caso do latín en Gallaecia). É o que coñecemos como **substitución lingüística**.

- * Noutros casos as dúas linguas conviven, aínda que con usos distintos: unha convértese en **hexemónica** (tamén chamada **lingua A**, dominante ou lingua de cultura) e desenvolve as funcións socialmente relevantes (institucional, cultural, internacional) e a outra convértese en lingua **minorizada** (tamén chamada **lingua B**, dominada ou idioma cuberto) e o seu uso fica progresivamente restrinxido a ámbitos orais, coloquiais, etc. Neste caso falamos de **convivencia diglósica** e prodúcese un **conflito** entre as dúas linguas. No caso da comunidade lingüística galega a convivencia diglósica vénse producindo desde o século XV.

O **conflito lingüístico** non é máis que o reflexo das tensións sociolingüísticas que se producen entre as dúas linguas desde o momento en que a lingua dominada pretende recuperar os ámbitos dos que foi desposuída pola dominante.

A resolución do conflito só pode ser a **substitución lingüística** da Lingua B pola Lingua A, ou a plena **normalización lingüística**, isto é, coa recuperación pola primeira dos ámbitos de uso que lle foron arrebatados pola segunda, para o que é necesaria a lealdade lingüística e o compromiso activo dos falantes así como a implicación no proceso dos poderes públicos e das institucións culturais e económicas.

Un dos moitos obstáculos no camiño da normalización é a vixencia de determinados **estereotipos e prexuízos lingüísticos** que pretenden transmitir a idea de que a lingua minorizada (o galego no noso caso) non é tan válida para o desenvolvemento como a hexemónica: é propia do mundo rural, non serve para falar das ciencias, non serve fóra do territorio, o galego normativo é "inventado", só a falan os de esquerdas...

Tamén hai quen supón que se pode dar un **bilingüismo harmónico** entre as dúas linguas, unha convivencia pacífica na que cada quen fale o que lle apeteza e domine ben os dous idiomas, solución utópica que atenta contra o principio de economía lingüística e que acabaría en realidade conducindo á substitución.

2.- Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

Todas as linguas presentan unha forte tendencia á diversidade, especialmente no plano oral. A existencia dunha variedade estándar -a que se usa nos ámbitos formais, a que se describe nas gramáticas- contribúe a frear esa dispersión.

A construción da variedade estándar é o que se coñece co nome de **normativización lingüística**: fixación dunha ortografía, unha gramática e un dicionario que sirvan de modelos cultos a imitar.

A maioría das linguas románicas fixeron este labor durante a Idade Media, cando o galego comezara xa a sufrir o proceso de minorización, polo que a nosa lingua non emprendeuse esa tarefa -imprescindíbel para a súa **normalización social**- ata o s. XIX, cos autores do Rexurdimento.

Neste proceso de normativización podemos sinalar catro etapas:

- a) **Galego popularizante** (ata fins do s. XIX). Non existe realmente unha intención normativizadora (Pondal foi o único autor consciente da súa necesidade), utilizan o galego oral no seu rexistro popular (o que se conservara), cheo de vulgarismos, castelanismos e dialectalismos.

- b) **Galego enxebrizante** (ata 1936). Os autores comezan a sentir a necesidade dunha norma escrita e inclínanse por un modelo diferencialista, que marque distancias co castelán. As características máis salientábeis son:

- Busca dun galego supradialectal.
- Eliminación de castelanismos.
- O portugués é o seu modelo de lingua culta.

- c) **Galego protoestándar** (ata fins dos 70). Medra a conciencia da necesidade dun modelo culto que apoie a normalización do galego. Caracterízase sobre todo pola simplificación ortográfica (eliminación de apóstrofes, guións, acentos graves e circunflexos).

- d) **Galego estándar** (ata a actualidade). O mellor coñecemento lingüístico (grazas ás investigacións e estudos universitarios) axuda a atopar solucións apropiadas para as interferencias e desviacións que aparecían nas etapas anteriores.

As **interferencias** son o influxo dunha lingua sobre outra, frecuente en situacións de contacto lingüístico e que afectan maioritariamente á lingua máis débil. Aparecen en todos os planos da lingua. Algúns exemplos:

- No plano **fónico**: Redución do sistema vocálico de 7 vogais a 5, eliminando a oposición entre semiabertas e semipechadas.

- No plano **morfolóxico**: cambio de xénero de determinados substantivos (*o ponte, *a sangue), seguindo a norma castelá, confusión dos pronomes TE/CHE, uso de tempos verbais compostos.
- No plano **sintáctico**: incorrecta colocación dos pronomes átonos.
- No plano **léxico** é onde máis abundan e responden a diferentes motivacións: prevalencia da palabra coincidente co castelán (**comprar** por *mercar*), restrición do significado, adoptando a palabra castelá para a realidade de maior prestixio (billa / *grifo), substitución da forma galega pola castelá (*arcilla por arxila, *tenedor por garfo...)

Chamámolles **desviacións** a aquelas voces que non se axustan á normativa, ben porque non pertencen ao nivel culto (vulgarismos, dialectalismos), ben por non seren palabras de uso actual (arcaísmos), ben por seren inventos motivados indirectamente pola presión do castelán (hipergaleguismos).

3.- Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

Se nunha comunidade hai dúas linguas en contacto, estas reproducen a xerarquía social existente dentro dela: unha das linguas -a dominante- vai ocupando progresivamente os ámbitos da outra -a dominada- e provocando a súa substitución. A esta lingua dominada ou recesiva (que vai perdendo usos) chámase tamén **lingua minorizada** e é empregada unicamente nos ámbitos socioculturais máis baixos e ignorada ou desprezada nos máis elevados, dos que foi desprazada pola lingua **dominante**.

O concepto de lingua **minorizada** é sociolingüístico e nada ten que ver co de lingua **minoritaria** que é só cuantitativo (cantos a usan?). Pode suceder que unha lingua minorizada sexa a maioritariamente falada na comunidade lingüística (o caso do galego), ou pode que non.

A complexidade da composición social da poboación en moitas áreas así como os continuos movementos desta fan imposible un acordo sobre o número de linguas que se falan no mundo así como sobre o número de falantes de cada unha.

No caso europeo, case todos os Estados actuais son plurilingües (mesmo en Portugal é oficial o mirandés) e a coexistencia das diversas linguas dentro das comunidades pertencentes a eses Estados prodúcese no plano da diglosia (excepto en Suíza e Bélxica, pero só na teoría). Hai polo tanto gran cantidade de linguas minorizadas, pertencentes a comunidades que en moitos casos están divididas por fronteiras políticas, como o éuscaro ou o catalán, xa que non sempre os límites dunha comunidade lingüística ou dunha nacionalidade histórica coinciden cos dun Estado moderno.

O status e o nivel de uso das diversas linguas minorizadas, case todas minoritarias tamén, son moi distintos: O **gaélico**, lingua oficial de Irlanda, sobrevive como lingua case "ritual". O **bretón**, o **occitano**, ou o **corso** sofren historicamente, igual que o catalán e o éuscaro, os embates centralistas do Estado francés que, en certos momentos, chega mesmo a prohibir a súa fala.

Consideración parecida merece o **romanche** na Suíza, e o **sardo** – lingua da illa de Sardeña - ou o friulano no Estado italiano.

É dentro do actual Estado español onde as linguas minorizadas (**galego, catalán e éuscaro**) gozan de maior status e son usadas en ámbitos impensables para as anteriores.

O actual marco legal (Constitución do 78, Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística e Plan Xeral de Normalización Lingüística) senta as bases que poden conducir á recuperación e á normalización da lingua mais cómpre a intervención dos diferentes sectores sociais:

a) **Acción institucional do poder político.**

Levada a cabo polas Administracións públicas de Galicia (Xunta, Concellos e Deputacións), elementos indispensables no proceso de normalización, por coherencia e por imperativo legal.

b) **Acción colectiva non institucional.**

Exercida por asociacións e colectivos (Nova Escola Galega, Asociación de Funcionarios da Administración pública, Mesa pola Normalización Lingüística, Pro Lingua...) xoga un papel importante na recuperación lingüística fronte ás elvas e esquecementos dos integrantes do grupo anterior.

c) **Acción individual.**

Supón un esforzo persoal e consciente para romper hábitos e condutas de desleixamento cara á situación social do idioma. Esta acción resulta claramente insuficiente sen o apoio dos grupos anteriores.

Para conseguir o éxito destas accións, é necesario un proceso de dinamización co obxecto de favorecer comportamentos positivos cara ao idioma, implicando activamente a colectivos e individuos a través de medidas que promovan o uso da lingua e conciencien e sensibilicen os axentes sociais, producindo un cambio de actitude na sociedade.

O proceso está agora nun momento decisivo. Nunca, desde a Idade Media, o galego dispuxo de tantas armas: oficialidade, mellora na consideración social, presenza no ensino e na cultura. Pero, por outro lado, nunca o perigo de substitución foi tan claro: ausencia importante de transmisión xeracional, presenza mínima nos medios de comunicación de masas...

A cultura agraria e mariñeira, que foi a que mantivo a lingua, está a desaparecer; aínda que está a medrar unha nova adhesión noutros ámbitos. Pero esta corrente regaleguizadora non compensa a perda progresiva de falantes. Se esta dinámica continúa, a medio prazo, o galego pode converterse nunha lingua "ritual". Só a lealdade lingüística, froito dun compromiso individual, pero tamén económico e social, poderá evitar que siga o proceso. Ademais a aposta pola lingua dos grandes poderes políticos e empresariais será un factor decisivo.

4.- O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Durante o século XX avanza o proceso de recuperación cultural iniciado no XIX e o galego comeza a usarse en ámbitos dos que desaparecera ou nunca estivera presente (narrativa, ensaio, discurso político, correspondencia privada...) ata chegar ao recoñecemento oficial na democracia, pero asemade descende preocupantemente o seu uso como medio de comunicación social.

Se nos centramos no primeiro terzo deste século, hai que destacar a creación das **Irmandades da Fala** no ano 1916, ligadas ao nacemento do nacionalismo, e que teñen como finalidade a utilización exclusiva do galego en todo tipo de actos e escritos así como impulsar a narrativa (sobre todo breve) e o teatro. **A Xeración Nós** estende o uso do galego a todos os xéneros literarios e será a responsábel da revista **Nós**, escrita integramente en galego. No 1923 constitúese o **Seminario de Estudos Galegos**, formado por universitarios que investigan Galicia desde diferentes campos: histórico, social, político... A última institución importante da época é o **Partido Galeguista**, no que militarán durante a II República personalidades como **Castelao** ou **Bóveda**, quen redactará un **Estatuto de Galicia**, no que se inclúe –entre outras cousas– o ensino do galego e en galego; aprobado en xuño de 1936 non poderá entrar en vigor ao iniciarse a guerra civil poucos días despois pero propiciará a consideración de Galicia como nacionalidade histórica (xunto con Cataluña e Euskadi) ao instaurarse a democracia. Outras iniciativas dignas de ser citadas son as editoriais **Lar**, **Nós** ou a publicación de diferentes estudos lingüísticos.

Fronte a esta emerxente situación cultural, o seu uso como vehículo de comunicación segue o camiño oposto: aínda que continúa **a ser moi maioritaria no país** (lingua única de aproximadamente o 90% da poboación, as clases baixas galegas), acélerase o proceso de substitución polo castelán, que avanza como lingua de relación habitual, mentres o número de falantes monolingües en galego vai descendendo. Como causas deste proceso podemos citar o aumento da urbanización, a aparición da radio e o maior índice de alfabetización, realizada exclusivamente en castelán.

Finalmente, no que se refire á **lingua utilizada na escrita**, non existe aínda un modelo único, continúan os intentos de crear unha norma (lembramos que se publican algúns dicionarios e gramáticas). Hoxe coñecemos este período como **galego enxebrista ou diferencialista**, porque a intención dos escritores é marcar a diferenza co castelán, deixar patente que son dúas linguas independentes, para o cal elixen o portugués como modelo, e se esforzan por limpar a lingua de castelanismos, utilizando arcaísmos, lusismos, hipergaleguismos ou pseudoevolucións.

5.- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Cando comeza a guerra Galiza queda axiña baixo o dominio dos sublevados e iníciase unha forte **represión** xeneralizada. Algúns dos máis destacados **galeguistas** pagarano coa vida (Alexandre Bóveda, Ánxel Casal), outros con expedientes (Otero Pedrayo) ou cárcere (Carballo Calero) e os máis afortunados co exilio (Castelao).

Todo o esplendor anterior queda reducido ao silencio, e durante os primeiros anos da ditadura son os intelectuais do **exilio americano** os que manteñen viva a cultura galega creando editoriais, revistas, programas de radio... A capital da cultura galega é agora Bos Aires con figuras como Castelao, Rafael Dieste, Luís Seoane, Blanco Amor...

O galego convértese nunha lingua inferior, que só se utiliza coa familia ou cos amigos, pois o seu uso público podía supor a perda do traballo ou mesmo da liberdade, aínda que non estea legalmente prohibida.

A recuperación cultural iníciase lentamente ben avanzada a década dos 40: publicación de *Cómaros Verdes* no 1947, colección de poesía *Benito Soto* en 1949, pero será en 1950 cando un grupo de intelectuais (Ramón Piñeiro, Fernández del Riego, Otero Pedrayo) funda a editorial **Galaxia** que terá unha importancia capital para a recuperación da nosa cultura. Nela publicarán os seus libros Fole, Cunqueiro e escritores mozos como Méndez Ferrín e Carlos Casares.

Na década dos 60 xorden os **partidos nacionalistas**, clandestinos e minoritarios, e créanse asociacións culturais que loitan polo noso idioma e cultura e comeza a haber un certo recoñecemento ou polo menos tolerancia desde a esfera oficial:

- * 1963: celebración do Día das Letras Galegas.
- * 1965: Creación da cátedra de Lingua e Literatura Galega na Universidade de Santiago.
- * Aparición de outras editoriais e revistas monolingües.
- * 1974: TVE comeza a emitir en galego a media hora do programa *Panorama de Galicia*.

Pese a este proceso de recuperación de usos, o fenómeno de **desgaleguización** social avanza durante a etapa da ditadura franquista a un ritmo moito máis acelerado:

* A partir dos anos 60 aumenta o éxodo do campo á cidade, o que conleva un aumento de castelanización por imitación das clases altas ou medias.

* O ensino, cada vez máis universal desenvólvese exclusivamente en castelán.

* A Igrexa, na súa maioría utiliza o castelán e esa será a lingua da liturxia cando o Concilio Vaticano II (1963) abandone o latín.

* Os medios de comunicación de masas (sobre todo a radio e a televisión).

Mais, malia todos os atrancos, o galego segue sendo, no ano 1975, a lingua maioritaria do país (75-80%).

No camiño de busca dunha norma culta, dámoslle a este período o nome de **protoestándar**: aumenta a conciencia da súa necesidade, e podemos caracterizalo polo desexo de simplificación ortográfica (eliminación de guións e apóstrofes) e de depuración léxica (rexeitamento de castelanismos, incorporación de neoloxismos e cultismos...)

6. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

No ano 1975 morre Franco e tres anos máis tarde as Cortes democráticas aproban a **Constitución** actualmente en vigor. Establécese nela a cooficialidade de galego e castelán en Galicia. O recoñecemento oficial prodúcese no ano 1981, no **Estatuto de Autonomía**, que establece que “a **lingua propia** de Galicia é o galego” e que “ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua”. No ano 1983 entrou en vigor a **Lei de Normalización Lingüística**, que regula o seu uso nas diversas administracións e servizos.

O galego convértese na lingua oficial da administración autonómica: da Xunta de Galicia e todas as súas Delegacións e do Parlamento. Con lixeiras excepcións a lexislación cúmprese. O seu ensino é obrigatorio nos niveis de ensino Primario e Secundario, onde se establece tamén que polo menos dúas materias máis deberán ser impartidas nesta lingua. No ensino universitario xa non rexeen estas normas. En setembro de 2004 o Parlamento galego aprobou por unanimidade o **Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega**: 445 medidas destinadas a potenciar o galego. En setembro de 2005 o Consello de Europa recomenda que en Galicia o ensino sexa “principalmente en galego”. No curso 2007-2008 entra en vigor o decreto que establece que en Primaria e ESO polo menos o 50% das materias sexan en galego. Xorden voces protestando porque en Galicia xa non se pode estudar en castelán, discriminado fronte ao galego. Mais tamén se protesta porque o galego segue a ser a lingua discriminada e o decreto non se aplica en moitos centros. Na primavera de 2010 acaba de ser aprobado un **novo decreto** que reduce a presenza do galego ata un máximo do 50% e pretende introducir como lingua vehicular do ensino o inglés; un retroceso que pode carrear consecuencias moi negativas no futuro.

Noutras administración e institucións o galego está case ausente: no ámbito da administración do Estado e da xudicial; a Igrexa Católica permite o seu emprego nas misas, pero a súa xerarquía, case toda foránea, prescinde practicamente do seu uso.

Cualitativamente está hoxe presente en ámbitos anteriormente impensables: é moi utilizado nas actividades políticas, institucionais, universitarias e culturais. Mesmo parece que o seu uso comercial comeza a ser economicamente rendible e prestixia certos produtos. Cada vez un maior número de profesionais liberais o utiliza normalmente. Neste século XXI temos que ter en conta o seu uso na internet poia lingua que quede fóra dela non ten futuro. Hai moitas webs, foros, chats, blogs nos que é frecuente o galego. Temos o OpenOffice e outros programas en galego, ademais dos correctores ortográficos adecuados. Dispoñemos xa de tradutores gratuítos en liña para case todos os idiomas. As compañías de telefonía móbil xa ofertan terminais en galego.

Tocante ao plano cuantitativo, a realidade é, porén, cada vez máis negativa: a **perda do número de falantes** segue acelerándose. Se ben se recoñece que o seu uso é, en xeral, maioritario, todas as enquisas indican que este uso decrece segundo é menor a idade dos entrevistados. Ata hai pouco tempo era a lingua exclusiva no ámbito rural, pero xa non o é. Nas pequenas e grandes vilas, así como nas cidades, cada vez é máis minoritaria.

Na busca dunha norma escrita, entramos na fase do galego estándar; ao haber un estudo sistemático da lingua pódese fixar con maior coñecemento unha norma culta, da que se van eliminando dialectalismos, arcaísmos e hiperenxebrismos, seguindo o camiño xa emprendido na etapa anterior, ao tempo que se adapta á nova situación social (máis ámbitos de uso) e académica (vehículo para outras materias).

TEMA 1 LITERATURA- A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.

O sec. XX supón en Galicia o nacemento do **agrarismo** e do **nacionalismo**, a continuación da emigración e a aparición do movemento obreiro.

O movemento agrario é desde 1907 o auténtico revulsivo social da época. Destaca a **Liga Agraria de Acción Gallega** (1912), dirixida por Basilio Álvarez; fortemente perseguida, vai esmorecer cara a 1915, mais esta presión social en contra dos foros consegue a lei de redención dos foros na Ditadura de Primo de Rivera en 1926.

En 1916 xorden na Coruña as **Irmandades da Fala**, que axiña se estenden por toda Galicia. O seu obxectivo máis inmediato é a defensa do idioma galego para recuperar a cultura. No 1918 decláranse **nacionalistas**, mais no 1922 escíndiranse nunha liña **política** e outra **cultural**, arredor desta nacerá a revista **Nós**.

Na poesía a entrada do sec. XX non supuxo un cambio no panorama literario galego senón que continuaron as liñas iniciadas no Rexurdimento, con autores como Leiras Pulpeiro ou Luguís Freire.

O primeiro que marca timidamente o comezo de novos camiños é **ANTONIO NORIEGA VARELA** (1869-1947). Podemos consideralo o máis destacado representante dunha xeración de transición ou "**entre dous séculos**" (Méndez Ferrín): por unha parte acepta o popularismo, o costumismo e o sentido cívico dos predecesores, pero por outra podemos ver nel certos influxos do modernismo e da literatura portuguesa.

Escrebiu unha soa obra ampliada durante toda a súa vida: en 1904 o título é **Montañesas**; desde 1915, denominarase **Do ermo**. O cambio de título marca un cambio de tendencia na súa obra, con dúas etapas:

- * **poesía costumista** (coma no XIX): descrición da vida rural, desde unha óptica conservadora que reacciona contra toda novidade e innovación porque desfigura a súa esencia enxebre. Tamén escribiu **poesía cívica**, relacionada co agrarismo e suprimida na última edición.

- * **poesía lírica da montaña (=montañesa)**. Poética franciscana: tenrura e amor pola paisaxe montañesa, polos compoñentes máis humildes desa paisaxe e non polos máis grandilocuentes ou vistosos. Neste apartado encádranse 21 sonetos literariamente moito máis traballados e lingüisticamente máis cultos; moi influenciados polos autores portugueses Antero de Quental e fundamentalmente o seu amigo saudosista Teixeira de Pascoas.

Pero o poeta máis destacado da época das Irmandades é **RAMÓN CABANILLAS** (1876-1959): *O Poeta da Raza*. Recolle a inxerencia de Rosalía, o celtismo de Pondal e a protesta de Curros (toda a nosa tradición) introducindo elementos renovadores modernistas. Pódense distinguir catro etapas na súa obra:

1. **Etapas pregaleguista** ou agrarista **No Desterro** (1913) e **Vento Mareiro** (1915). De forma e temática do Rexurdimento (Rosalía e Curros), nos dous libros alternanse poemas de carácter intimista, costumista e agrarista (anticaciquil). Estes últimos, rabiosos e incendiarios, que mostran a súa solidariedade cos labregos na súa loita pola redención dos foros, son os máis coñecidos. Algúns poemas como *Acción gallega* ou *A Basilio Álvarez* chegan a ser verdadeiros símbolos populares e converten a Cabanillas en herdeiro natural de Curros. Hai tamén poemas costumistas de influencia modernista.

2. **Etapas galeguista** (ata 1920). O libro representativo é **Da Terra Asoballada** (1917). Cabanillas convértese no poeta civil de Galicia. A oposición xa non é cacique/labrego, senón Galicia/Castela.

3. **Etapas mítica** (1921-30). No 1926 escribe tres longos poemas narrativos: *A espada Escalibor*, *O cabaleiro do Sant-Grial* e *O sono do rei Artur*, que compoñen o libro **Na Noite estrelecida**. Cabanillas emprende unha actualización da materia de Bretaña, galeguizándoa e adaptándoa para conseguir unha mensaxe nacionalista. É unha reconstrución mítica do pasado.

4. **Etapas de posguerra** (1950-59) Non escribe poesía entre 1930-1950. Os seus últimos libros son **Da miña zanfona** (1954) e **Samos** (1958), libros cheos de desenganos e morriña. Neste último, evocador e panteísta, Cabanillas recupera a súa maior altura poética.

2. A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

A vangarda é un conxunto de movementos artísticos europeos (1910-1930), con afán de ruptura con todo o anterior, unha actitude provocativa que se aplica a todos os campos estéticos: pintura, escultura, música, literatura... Non conciben a arte como imitación da realidade, senón como nova interpretación persoal desta. En poesía prescinden dos moldes tradicionais, ordenando os versos a xeito de caligramas, o poema baséase en imaxes vangardistas.

Os **-ismos** europeos foron abundantes e pouco duradeiros:

***Futurismo:** iníciase coa publicación en 1909 dun manifesto de Marinetti, no que exalta a violencia e a luxuria, a velocidade e o maquinismo, a técnica e o progreso. Imprimen aos seus escritos dinamismo e rapidez verbal, suprimindo adxectivos e adverbios.

***Cubismo:** nace como escola pictórica cara a 1907. Procura a percepción intelectual da realidade descompoñendo os obxectos en liñas e planos xeométricos que no cadro se presentan recompostos libremente. Un proceso semellante prodúcese na literatura, mesturando conceptos ou imaxes, distorsionando a sintaxe e revolucionando a tipografía cos *Calligrammes* de G. Apollinaire, poemas nos que se crean "imaxes visuais" grazas á disposición dos versos na páxina.

***Dadaísmo:** nace en Zurich en 1916 da man de Tristán Tzara como repulsa violenta contra a "racionalidade" que conduciu á devastación e horror da 1ª Guerra Mundial. Rebélase contra a lóxica e a racionalidade, contra as convencións estéticas e sociais para liberar a fantasía mediante unha linguaxe mesmo incoherente. As súas manifestacións públicas son actos provocadores.

***Surrealismo (superrealismo):** constitúe a grande revolución estética e ideolóxica do s. XX. Encamiñase a unha transformación liberadora do home (influencia da psicanálise de Freud: primacía do soño, a loucura, o inconsciente, a hipnose) dando vía libre ás manifestacións do subconsciente coa escritura automática, defendendo o acto gratuito. O seu 1º manifesto é de 1924.

***Creacionismo:** o seu abandeirado é Vicente Huidobro, para quen a arte non debe imitar a realidade xa que o poeta é un pequeno Deus que pode "crear un poema como a Natureza crea unha árbore". Deste xeito, o poema é unha realidade autónoma froito da intelixencia (ao contrario do surrealismo), servíndose para isto dos xogos de palabras e mais das imaxes fundamentadas nunha relación arbitraria.

As vangardas na Galiza.

É o grupo "Nós" co seu labor restaurador da nosa cultura e a súa visión universalizadora quen abre as portas á incorporación das vangardas á literatura galega. Especialmente Risco, que será quen informe a Manuel Antonio dos "ismos" europeos e trate de orientalo.

Os vangardistas galegos son mozos nados ao redor do ano 1900 que reciben tamén o nome de **Xeración do 25**, supoñen unha ruptura e actitude crítica coa poesía anterior: coa tradición de sentimentalismo (saúde, bágoas, queixas), folclorismo (romarías, costumes, rural) e paisaxismo do s. XIX, e por 1ª vez hai unha integración na poesía europea. Danse a coñecer en revistas como *Alfar*, *Ronsel*, *Cristal*...

Por un lado podemos atopar **-ismos** claramente seguidores das modas europeas e por outro movementos especificamente galegos:

1.Surrealismo: Álvaro Cunqueiro: *Poemas do si e non* (1933), é unha interpretación moi persoal, co fluír da asociación de ideas e a influencia dos soños pero cun pouso sentimental, gozoso, sen a carga dramática que soen ter os textos surrealistas. Tamén se pode ver algo de **cubismo** en *Mar ao norde* (1932).

2.Creacionismo: O seu único cultivador é **Manuel Antonio** (Rianxo, 1900-1930). Personalidade rebelde que representa o mellor expoñente vangardista en Galicia. En 1922 publicou o manifesto *Máis Alá*, novidade polas alusións políticas e a non adscripción a un -ismo concreto.

A súa obra principal (e única publicada en vida) é *De catro a catro. Follas sen data dun diario de bordo* (1928). 19 poemas estruturados como viaxe marítima, case sempre de noite, simboliza a súa concepción absolutamente pesimista da vida: monótona, repetitiva, en completa soidade (como perdido no mar), e continua despedida.

Poderíamos falar dunha **estrutura superficial:** unha viaxe marítima (desde a súa preparación ata a súa finalización, con parada intermedia) monótona, repetitiva e contraditoria: o tempo pasa pero está parado, só existe o presente. E unha **estrutura profunda:** viaxe interior, iniciática; visión desilusionada, negativa, da vida desde a soidade.

-ismos autóctonos ou vangardismo matizado:

3.Hilozoísmo: Foi o movemento poético de máis éxito na época, con multitude de seguidores. Baixo unha forma tradicional (non é polo tanto unha vangarda plena) -estrofas populares, rima asonante,

versos medidos, lingua popular- preséntanos, a base de imaxes vangardistas, unha natureza viva, aberta ao sensorial, ao auditivo, ao visual, fronte ao sentimentalismo e a anécdota. O poema deshumanízase e a paisaxe humanízase. O seu iniciador e representante máis destacado é Luís **Amado Carballo** (1901-1927), *Proel* (1927) e *O galo* (póstumo, 1928). Entre os múltiples seguidores destaca **Eduardo Blanco Amor**. Segue despois da guerra.

4. Neotrobadorismo: No ano 1928 José Joaquim Nunes publica as cantigas medievais que acadan unha grande difusión e provocan a aparición desta corrente que non é propiamente vangarda, senón unha reformulación de estilos e temas da tradición medieval, engadindo imaxes da poesía moderna. Tamén continúa despois da guerra.

Podemos distinguir dúas tendencias:

- Unha máis innovadora na que destacan **Bouza Brey** –o seu iniciador- (*Nao senlleira*, 1933), **A. Cunqueiro** (*Cantiga nova que se chama riveira*, 1933, *Dona do corpo delgado*, 1950).

- Outra máis mimética que rematará con **Xosé María Álvarez Blázquez** cando no ano 1953 fai pasar o seu *Cancioneiro de Monfero* por un verdadeiro cancionero medieval.

3.- A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).

Esta etapa –especialmente de 1916 e 1936- é coñecida como a **Época Nós** pola importancia que estes autores terán na cultura galega.

Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas (o Cenáculo Ourensán) teñen unha primeira etapa de inadaptados e só a partir de 1918 centran a súa atención en Galicia. Castelao en cambio provén do agrarismo. Todos eles son políglotas, cultos, universitarios e participan en todas as actividades galeguistas: Irmandades da Fala, Seminario de Estudos Galegos, Partido Galeguista... Eles son os creadores da moderna narrativa galega, introdutores das correntes europeas do momento e iniciadores do ensaio en galego.

1. A contribución de **OTERO PEDRAYO** foi fundamental no cultivo e modernización da narrativa longa e xira ao redor da Galiza contemporánea. Podemos clasificala en:

a) NOVELAS REALISTAS: Ambientadas na Galiza rural do s. XIX, narran o proceso de decadencia da fidalguía e os cambios que experimenta a sociedade rural. Destaca *Os camiños da vida* (1928).

b) NOVELAS CULTURALISTAS: narran a evolución da conciencia galeguista na súa época. Son novelas sen acción, ideolóxicas, case máis próximas ao ensaio que á narrativa. A máis representativa é *Arredor de si* (1930), cuxo protagonista, Adrián Solovio, é un trasunto do propio Otero e a súa incorporación ao galeguismo.

Apartadas da súa temática habitual están *Fra Vernerio* e *A romeiría de Xelmirez*.

A xeito de conclusión podemos dicir que hai tres temas recorrentes na narrativa de Otero

* A **tradición**: sabedoría acumulada polas sucesivas xeracións ao longo de séculos, conforma a cultura espiritual dun pobo,

* A **fidalgúa**: Otero non lle perdoa a súa deserción da aldea e do galeguismo, mentres os comerciantes foráneos se fan coa dirección da sociedade. Inventan unha fidalguía ideal, irreal, consciente do seu papel na sociedade galega.

* A **paisaxe**: dotada de vida, goberna a vida do home.

O seu estilo, persoal e barroco, levou a Carballo Calero a definilo como un cesto de cereixas.

2. **CASTELAO** foi unha personalidade polifacética, que cultivou múltiples campos sempre defendendo Galiza e todos aqueles que sofren. A súa técnica narrativa caracterízase pola síntese e a selección, sinxela en aparencia mais froito dun laborioso traballo de depuración e escolma.

A 1ª obra narrativa foi *Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto* (1922), visión sintética da realidade social, na que sae particularmente maltratada a figura do cacique.

Cousas son relatos moi curtos que Alonso Montero considera un novo xénero narrativo, 45 relatos nos que aparecen as constantes do autor: humor, denuncia dunha realidade inxusta e posicionamento ao lado dos máis débiles.

Os dous de sempre (1934). Tanto o título como o debuxo da portada (un paxaro e un sapo) fan referencia aos dous tipos humanos fundamentais: o emprendedor e o conformista. Narra as peripecias vitais e as ambicións de Pedro e Rañolas, contrapostos desde a súa infancia á madurez

Retrincos (1934) Cinco relatos sobre cinco momentos pseudoautobiográficos (O segredo, O inglés, O retrato, Peito de Lobo e Sabela).

Risco cultivou tamén a narrativa (*O porco de pé*, feroz sátira antiburguesa con gran carga humorística) pero é fundamentalmente ensaísta.

3. **RAFAEL DIESTE**, pertencente á Xeración do 25 escribiu *Dos arquivos do trasno* (1926), colección de contos de temática variada que xiran ao redor da psicoloxía e das experiencias extraordinarias da xente galega. Vinculados a Cousas porque neles se conta só o esencial, sen elementos superfluos, hai lirismo e humorismo, mais o sentimento non é tan fondo como en Castelao.

4. Todos estes autores (e outros moitos) foron tamén os impulsores do ensaio e a investigación en galego, en torno ao Seminario de Estudos Galegos, grupo nacido na Universidade de Santiago.

Risco publicou no 1920 *Teoría do Nacionalismo Galego*, que servirá de guía dos nacionalistas antes da II República. Afastado este das ideas nacionalistas, Castelao publica en Buenos Aires *Sempre en Galiza* (1944) onde partindo de ideas propias e alleas elabora unha nova teoría do nacionalismo, comenta a actuación da República... Converteuse na biblia do galeguismo despois da guerra civil. Ademais do ensaio político, Castelao escribiu tamén multitude de ensaios no terreo artístico.

Pola súa parte Otero Pedrayo dedicouse fundamentalmente aos estudos xeográficos e históricos, entre os que podemos destacar *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* (1933).

Nesta fecunda etapa da nosa cultura hai que facer mención tamén ao labor desenvolvido no xornalismo, no que todos colaboraron desde A Nosa Terra ata a Revista Nós, pasando por El Pueblo Gallego e outros moitos.

4.- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.

O teatro é o xénero menos cultivado da literatura galega, por dúas razóns fundamentais:

*A exclusión da lingua galega dos espazos públicos cultos debido á diglosia (e o teatro é un espectáculo social fundamentalmente burgués).

*As sucesivas prohibicións de representar en linguas diferentes ao castelán.

A fonte do xuramento (1882) marca o inicio do teatro moderno; de temática case exclusivamente rural; de extensión breve, dominado polo costumismo, con diálogos choqueiros e personaxes tópicos.

Coas **IRMANDADES DA FALA** o teatro deixa de ser un divertimento para converterse nunha arma política, reivindicativa. Diversifícase a oferta teatral: teatro histórico, social (denuncia da emigración e caciquismo), señorial (de pazo), cómico, infantil e comedia burguesa. En 1919 a Irmandade da Coruña crea o Conservatorio Nazonal de Arte Galega, que fará máis de cen representacións por ano, e outras Irmandades organizan tamén as súas "agrupacións artísticas".

Pero aínda así, o teatro non tivo verdadeira tradición na nosa literatura, polas razóns xa expostas e porque axiña tivo que competir co cine.

Os autores máis interesantes son:

Cabanillas, **A man de Santiña** (1921), no debut do Conservatorio, é unha comedia en prosa na que por primeira vez as clases señoriais falan en galego. En 1926 publicou **O Mariscal**, escrito por iniciativa de Vilar Ponte, drama histórico en verso que nos presenta o mariscal Pero Pardo de Cela como abandeirado da oposición galega ao centralismo polo seu enfrontamento cos Reis Católicos.

Armando Cotarelo Valledor, dominador da técnica teatral, foi autor dunha variada obra destacando a traxedia histórica sobre a execución de Prisciliano, **Hostia** (1926). Toda a súa obra ten unha grande preocupación pola psicoloxía das personaxes e unha complexa construción teatral, decote cunha grande poetización e riqueza léxica.

X. Quintanilla é autor de **Alén** (1921), escrita para demostrar a universalidade da lingua galega, que en galego se poden tratar temas non galegos: o escenario físico é Nova York, o ambiente: unha sesión de espiritismo, aínda que a acción decorre no interior das personaxes.

A XERACIÓN NÓS non utilizou o teatro como arma política ou pedagóxica pero si lle deu un pulo extraordinario desde o punto de vista literario, facéndoo participar tamén das correntes europeas. Con eles aparecen os primeiros elementos simbolistas e surrealistas, superando o realismo do anterior: a partir de agora non só van falar galego labregos e caciques, senón tamén fidalgos e princesas, bocois e sapos, pipotes e penedos, os santos do Pórtico da Gloria, os fantasmas ... etc.

1. Vicente Risco escribiu unha única peza teatral, **O bufón de El Rei**, drama simbolista que relaciona deformidade física e moral.

2. Ramón Otero Pedrayo escribiu unha extensa obra teatral, na que podemos destacar **A lagarada** (1928) e **Teatro de Máscaras**. As súas obras teatrais son máis apropiadas para a lectura que para a representación escénica.

A lagarada (1928) é unha traxedia rural de fondo dionisiaco, na que se evoca o poder demoníaco do viño. As forzas dominantes no drama son todas primitivas e elementais; os personaxes son populares, campesiños, vendimadores, cregos... retratados cun enfoque naturalista. Como contrapunto poético, introduce varias escenas líricas de carácter fantástico, onde os personaxes son as pipas da adega, a sombra dun arrieiro morto ou as fadas dos montes.

Teatro de máscaras (escritas en 1934 e publicado en 1975). Son 16 pezas a xeito de guiños ou bocexos esquemáticos para pezas teatrais; o seu carácter esquemático e incompleto é compatíbel cunha concepción dramática moi moderna e allea ao teatro-texto tradicional, pois son obras que só acadan a súa plenitude e naturalidade a través da montaxe e da representación escénica.

3. Castelao estreou en 1941 (exilio, Buenos Aires), **Os vellos non deben de namorarse** comezada moitos anos antes.

Non concibía o teatro como un simple texto senón como un espectáculo global, polo que adquiren unha grande importancia os artificios escenográficos (iluminación, decorados, máscaras dos personaxes...) e utiliza tamén outras artes, como a música.

O motivo do vello namorado repítese tres veces, en tres versións diferentes, nos tres lances. En cada un hai un vello namorado, unha moza e un mozo rival. A morte intervéñ como personaxe para advertir aos vellos. Finaliza cun epílogo no que aparecen os tres vellos xuntos, mortos, no cemiterio para arrepentírense do seu namoramento e coñecer novas das súas mozas.

Rafael Dieste é o autor teatral da Xeración dos Novecentistas ou **VANGARDISTAS**. ***A fiestra baldeira*** (1927) é unha comedia simbólica sobre a identidade (individual e colectiva).

Un mariñeiro volve rico da emigración e encarga un retrato diante dunha ventá. O pintor quere situar como fondo da fiestra unha paisaxe mariñeira, símbolo do pasado humilde do retratado. A muller e a filla opóñense. Entón aparece a “fiestra baldeira” como símbolo da anulación da identidade individual e colectiva. Ao final o conflito resólvese coa aceptación da realidade e do pasado humilde.

5.- A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.

Como consecuencia da guerra civil desaparece case por completo a produción literaria en galego durante máis dunha década. A actividade cultural continuada só é posible no exilio, onde poetas como Luís Seoane, Lorenzo Varela e Emilio Pita fan poesía crítica e de compromiso. Dentro de Galicia comeza unha tímida recuperación a partir de 1947, coa publicación de *Cómaros verdes*, o primeiro libro destacábel pola súa calidade. No 1949 sae en Pontevedra a Colección *Benito Soto*, dirixida por Celso Emilio Ferreiro e no ano seguinte, constitúese a Editorial **Galaxia**, que abre o camiño para novas editoras en galego.

Esta anómala situación provoca que vexan a luz simultaneamente as obras de tres xeracións diferentes:

I. Xeración do 36. Poetas nados entre 1910-20; a guerra cólleos na súa xuventude, mais foron educados no ambiente cultural do nacionalismo de preguerra. Son poetas de culturas e estilos moi diferentes. Forman parte dela, entre outros, A. Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Aquilino Iglesia Alvariño, María Mariño, etc.

II. Promoción de Enlace, nados entre 1920-30. Tampouco son un grupo coherente, cada quen trata de buscar o seu estilo. Formados culturalmente en castelán, escriben primeiro nas dúas linguas. Viven o drama social da posguerra e a pobreza cultural dunha sociedade censurada e bastante illados da cultura europea. Luz Pozo Garza, Manuel Cuña Novás...

III. Poetas das "Festas Minervais", nados entre 1930-40, non coñecen a guerra civil: Manuel María, Uxío Novoneyra, Xoana Torres, ou Méndez Ferrín... Neles xa existe unha conciencia de grupo, implicándose en feitos colectivos como a restauración das Festas Minervais universitarias ou a creación do grupo *Brais Pinto* e colaborando no diario *La Noche* ou na colección *Illa Nova* de Galaxia. Mantéñense en contacto e comparten afinidades ideolóxicas contribuíndo a crearen as organizacións nacionalistas de esquerdas.

Nun primeiro momento continúan tendencias poéticas de preguerra tematicamente non comprometidas: hilozoísmo, neotrobadorismo, paisaxismo ruralista... Pouco a pouco irán aparecendo formas novas nesta posguerra (aínda que xa tratadas antes na nosa literatura): intimismo -seguindo a liña iniciada por Rosalía-, clasicismo... A forma poética máis característica será a **Escola da tebra** ou "poesía do neboeiro: poesía intimista de enfoque pesimista da vida, que mestura contidos existencialistas e fórmulas surrealistas

A finais dos 50 xorde o **realismo coloquial**, que foxe da linguaxe poética tradicional e explora as posibilidades da linguaxe da rúa abrindo o camiño á poesía **socialrealista**. Esta será a liña temática absolutamente dominante ata mediados os anos 70, cando comeza a se producir a súa decadencia pola abundancia e mais polo descenso de calidade poética caendo no prosaísmo e no empobrecemento da linguaxe.

Entre os autores pertencentes a cada unha das tres xeracións centrarémonos nos seguintes:

1. CELSO EMILIO FERREIRO (Celanova, 1912-Vigo, 1979). Aínda que o éxito da súa poesía social eclipsou o resto da súa obra, non foi a única temática que cultivou:

* Ten poesía **intimista**, influenciada polo **existencialismo**: mostra un presente pesimista, cheo de soidade e desacougo que o leva a sentir nostalxia da infancia perdida en Celanova, interrógase sobre o sentido da vida, reflexiona sobre o irremediábel fuxir do tempo... Escribiu tamén **poemas amorosos**, para a súa muller, Moraima, cheos de ledicia e optimismo. A obra máis representativa é *O soño sulagado* (1955) e a esta temática volve na súa última obra *Onde o mundo se chama Celanova* (1975), engadindo a aceptación do paso do tempo, o presentimento da morte...

* Ten poesía **satírica**, fortemente corrosiva e crítica, que lembra as cantigas de escarnio medievais, ou o Quevedo máis mordaz.

* A súa poesía **socialrealista**, cunha linguaxe moi asequible e coloquial, quere chegar a todo o mundo, non só a unha minoría. Trata temas como a guerra civil e as súas consecuencias, denuncia a explotación dos traballadores, o imperialismo, a ameaza nuclear ou o racismo. No referente á emigración, nun primeiro momento defendeu a necesidade de emigrar, de marchar dunha Galicia e dunha Europa destruídas polas guerras, e vía América do Sur como unha terra de salvación; máis tarde, cando viviu a realidade da emigración en Venezuela, cambiou de pensamento, e defendeu que é dentro da propia nación onde se debe loitar por sobrevivir. A obra máis representativa é *Longa noite de pedra* (1962), un éxito de

vendas, unha das obras da nosa literatura máis veces reeditada. O seu título converteuse nunha metáfora da ditadura franquista e el no poeta máis coñecido dentro e fóra da Galiza, dun modo paralelo ao protagonismo que tiñan Blas de Otero, Salvador Espriu ou Gabriel Aresti, autores de poesía social nas outras linguas do Estado.

2. Manuel Cuña Novás (Pontevedra, 1926-1992) é representante da **Escola da Tebra**, a súa obra *Fabulario Novo* (1952) reflicte un sentimento de angustia e desesperación ante a vida, utilizando imaxes nas que predomina a sensación de sombras, de escuridade.

3. Uxío Novoneyra (O Courel, 1930- Compostela, 1999). Autor de poucos libros, excelente recitador, a súa poesía é fundamentalmente paisaxística pero profundamente persoal: contemplada desde unha perspectiva case mística, de fusión coa natureza; describe a natureza espida do Courel, onde o ser humano é un elemento mínimo dentro da inmensidade cósmica. Tamén aparece ás veces a preocupación social e política.

4. XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN (Ourense, 1938). Os seus inicios como poeta están unidos á Escola da Tebra (*Voce na néboa*, 1957), escribiu poesía social baixo o heterónimo de Heriberto Bens (sempre formalmente máis coidada que o socialrealismo do momento) pero o seu libro máis importante é *Con pólvora e magnolias* (1976), que supón un camiño novo na literatura galega, aportando novos temas, nova linguaxe poética... Neste libro combínase a poesía revolucionaria –a pólvora- co lirismo intimista (a lembranza do pasado, o paso do tempo, o amor, a morte) e o luxo estético –as magnolias-. Usa o versolibrismo e multitude de referencias culturais: o celtismo, a poesía medieval, o movemento beat... O ton é nostálxico: mostra con compracencia estética a imposíbel recuperación do tempo ido e o triunfo da decadencia. 1975 foi o ano do cambio. Morre Franco e *Con pólvora e magnolias* -xunto con *Mesteres*, de Arcadio López Casanova- foi quen marcou ese cambio. Tiña que vir dado por un home metido de cheo na política e na protesta social como Xosé Luís Méndez Ferrín.

6.- A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).

Como consecuencia da guerra civil, a literatura galega deixa de existir como manifestación pública durante máis dun decenio. O centro da actividade literaria desprázase para Latinoamérica, onde os nosos escritores exiliados manteñen o facho da cultura galega.

No 1947 comeza a recuperación coa publicación do 1º libro de poesía ata a constitución, en 1950, da Editorial Galaxia. En coleccións como *Salnés* ou *Illa Nova* conviven xeracións diferentes que comezan a publicar nun primeiro momento poesía e un pouco máis tarde prosa:

Escribíense no **exilio** a maioría das novelas que relatán vivencias persoais da guerra e a represión, que serán publicadas xa na democracia.

1. Hai unha liña de **continuación da prosa da Xeración Nós**: Risco, Otero Pedrayo ou Carballo Calero, pertencente á Xeración do 36 e autor da primeira novela de posguerra, publicada no 1951, é *A xente da Barreira*, que narra a vida de varias xeracións dunha familia fidalga.

2. O **realismo fantástico**, representado pola obra de A. Cunqueiro. Trátase dunha literatura que mestura elementos culturalistas de orixe árabe (Simbad), greco-latina (Orestes) ou nórdica (Merlín) con recursos provenientes do mundo popular, de xeito que consegue ligar o máis profundo da nosa imaxinación colectiva a temas literarios de carácter clásico.

3. O **realismo popular**, representado por Ánxel Fole. O popular ascende á categoría de culto a través dun texto que nunca se afasta do relato oral, da xeografía luguesa, da lingua dialectal. Non hai – como en Cunqueiro – presenza de cultura libresca.

4. O **realismo social**, representado por E. Blanco Amor. Situadas no Ourense de principios do s. XX, plasman a vida das clases obreiras ou marxinais, denunciando as inxustizas que padecen.

5. O **realismo rural**, representado por Xosé Neira Vilas, coñecedor de primeira man das penurias da vida labrega, non exento de denuncia.

6. Ao mesmo tempo nacerá a **Nova Narrativa Galega** da man dos autores máis novos, como Ferrín, Mourullo ou Casares, unha prosa totalmente diferente e moderna.

I. ÁLVARO CUNQUEIRO (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981). Poeta antes da guerra, foi despois autor de éxito en prosa (en castelán levou o premio Nadal no 1961). Podemos destacar as seguintes características:

- * Mestura de realismo e fantasía: Personaxes da literatura universal (Merlín, Sinbad...) comparten con xentes do pobo galego vivencias e preocupacións (Dª Xenebra atende a cociña, a Merlín enferrúxaselle o camiño de quita e pon...).

- * Predominio da oralidade no estilo: De neno escoitou moitos contos de boca da nai e na botica do pai, o que influíu no seu gusto pola maneira tradicional de contar, cheo de apelacións ao oínte, comentarios do narrador, alusións ás fontes...

- * Tendencia á disgregación da novela: Non hai unha estrutura clásica de presentación, desenvolvemento e desenlace, senón unha técnica de relato dentro do relato, ou relatos sucesivos cun débil fío argumental.

É representativa *Merlín e familia*. (1955), a súa 1ª obra narrativa en galego, recreación da materia de Bretaña desde a particularidade dunha perspectiva galega.

Escribiu tamén libros de semblanzas, breves retratos de personaxes populares con toda a aparencia de seres reais, aínda que ás veces os seus poderes ou aventuras sexan de natureza marabillosa, relacionados coas crenzas da nosa cultura tradicional.

II. ANXEL FOLE (Lugo, 1903-1986). Despois da guerra viviu nas montañas de Lugo (Incio, Quiroga, Courel...) dando clases particulares. A súa obra está formada case exclusivamente por libros de contos (os principais *Á luz do candil*, 1953 e *Terra Brava*, 1955) ambientados nesas montañas de Lugo e escritos coa lingua que alí se fala. Seguen a técnica dos contos populares, tradicionais, que se contaban antes “á luz do candil” entre varias persoas. Tamén os temas seguen esa tradición oral: contos de lobos, de aparecidos e premonicións da morte; de lendas populares (a Santa Compañía...) combinados cun agudo sentido do humor e normalmente explicados pola lóxica.

III. EDUARDO BLANCO AMOR (Ourense, 1897-Vigo, 1979). Toda a súa narrativa se desenvolve en Ourense (que el chama Auria) a principios de século, no ambiente que el vivira de neno. Debemos destacar as súas dúas novelas, que todos os críticos consideran entre as mellores de toda a nosa literatura:

- *A esmorga* (1959) participa da renovación na narrativa galega da época, tanto na temática (protagonismo compartido, das clases populares) como na forma (técnica telefónica). É a declaración perante un xuíz dun acusado que relata a historia trágica del e dous compañeiros, todos homes marxinais, en 24 horas de bebedela e que acabará coa morte de todos.

- *Xente ao lonxe* (1972) é unha radiografía do Ourense de principios de século a través da experiencia dun grupo de traballadores, vinculados a organizacións de carácter obreiro e sindical, que loitan por unha escola laica e popular fronte á burguesía que pretende unha escola relixiosa. É en certa

medida a antítese de *A esmorga*, pois nesta os conflitos fican reducidos ao plano persoal dos protagonistas, mentres que en *Xente...* son descritos desde a perspectiva da colectividade. Técnica e tematicamente é a máis complexa pois ten un enfoque polifónico, de perspectiva múltiple, ao mesturar diferentes narradores: desde un obxectivo en 3ª pers. até varios (protagonistas ou testemuñas de determinados feitos) en 1ª. O principal é Suso, neno de 12 anos que vai madurando ao longo da obra. No tema mestura a Hª da familia de Suso, o nacemento do sindicalismo en Auria e numerosas historias secundarias.

IV. **XOSÉ NEIRA VILAS** (Gres, 1928) (Aínda que incorpora algunha técnica innovadora) está moi afastado dos autores da NNG. Podemos clasificar a súa obra en torno a dous focos:

* **Galia interior:** Plasman a sociedade campesiña, marcada pola opresión e pola pobreza económica, cultural e ideolóxica. Os personaxes semellan incapaces de escapar dese mundo atrasado onde impera a dominación política e relixiosa nun clima de sometemento e resignación. Unhas son de protagonismo infantil (pero non literatura infantil) e outras de protagonismo adulto. A máis sobresaliente é *Memorias dun neno labrego* (1961) , o libro máis lido da literatura. galega e traducido a moitas linguas. Trátase dunha novela de estrutura sinxela, en boca dun neno que non se conforma con esa vida e se ve obrigado a emigrar.

* **Galia emigrante:** Mostran os problemas xerados a causa da emigración forzosa: a morriña da terra, o illamento e as dificultades de adaptación ao mundo urbano, a loita por saír da miseria... *Historias de emigrantes* (1968)

Tamén escribiu literatura infantil: *Espantallo amigo* (1971), entre outros e ensaios.

7.- A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.

Na década dos 50, cando se inicia a recuperación da literatura galega, xorde un grupo de mozos que incorpora á nosa narrativa novos motivos e novas técnicas relatorias, do mesmo xeito que os homes do grupo Nós supuxeran un achegamento ás novas tendencias culturais de Occidente, son os integrantes da **Nova Narrativa Galega**. Non se pode falar en sentido estrito dunha escola ou grupo homoxéneo, mais úneos a súa formación universitaria, con claras inquietudes galeguistas, viaxeiros por Europa e coñecedores da literatura europea e americana. No plano literario, a súa intención innovadora e o desexo de ruptura formal coa tradición narrativa.

Aínda que o nome é un calco de *Nouveau Roman*–movemento contemporáneo francés–, non é esta a única influencia, nin sequera a máis destacábel. Participan da concepción desintegradora da novela tradicional practicada por escritores do s. XX (desde os anos 10 até o *nouveau roman*) que foxen do relato da biografía –a vida literaria– dun heroe problemático. Interesa a narración sen andadura lóxica, mesmo sen protagonista individual e sen historia: recollen de **M. Proust** a descrición minuciosa dos estados de ánimo (novela psicolóxica), de **Kafka** o mundo atormentado, con protagonistas illados e impotentes ante unha realidade estraña e absurda; de **J. Joyce** a exploración do monólogo interior; de **W. Faulkner** a destrución da lóxica temporal (retrospeccións, prospeccións, minutos eternos, eternidades brevísimas...); do psicanalista **Sigmund Freud** a presenza do complexo mundo do subconsciente (traumas, soños, símbolos...). O *Nouveau Roman* propugna o obxectalismo, concédelle ás cousas a mesma importancia que aos personaxes, que deixarán de ser o centro; o protagonista fica reducido a un pronome EU, TI..., cuxa identidade non interesa, que se atopa perdido, que busca non sabe que, que non sabe por que está aí... E para presentarnos as situacións sérvese da vista, que percorre a superficie das cousas, presentándonos as formas, límites e contornos (como unha cámara de cine). A obra de arte redúcese a un puro formalismo, a unha construción enxeñosa e artificiosamente técnica. En palabras de M^a Xosé Queizán, unha das autoras, procúrase “*elaborar a novela sen tema, sen andadura lóxica, sen busca; non hai heroe nin historia, nin anécdota*”.

CARACTERÍSTICAS:

A) No relativo ao argumento, ao tema:

- Abandono do antropocentrismo.
- Localización espacial imprecisa, sen identificación física.
- Ambientes urbanos.
- Ausencia de preocupación inmediata polos conflitos do país, que só se albiscan nun segundo plano en clave simbólica.
- Mestura de realidade e mundo fantástico, onírico.
- Exploración de situacións estrañas e opresivas, nos límites do absurdo.
- Presenza do sexo (escasamente apreciable na literatura anterior) e da violencia, que moi frecuentemente leva emparellada a morte.

B) Formais:

- Monólogo interior.
- Distorsión temporal, botando man da retrospección ou “flash-back”, da técnica de montaxe de diferentes planos con independencia do curso lineal en que se sucedan, ou da ralentización de acontecementos, como a cámara lenta do cine.
- Pluralidade de voces narrativas, que se alternan e superpoñen, mesturando ás veces as persoas gramaticais.
- Enfoque obxectalista no que o narrador non rexistra máis que os feitos que percibiría unha cámara.

O corpus da NNG abrangue unhas vinte obras publicadas entre 1954 (*Nasce un arbre*, de Gonzalo R. Mourullo) e 1971 (*Adiós, María*, de Xohana Torres)

O autor máis destacado é **XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN** (Ourense, 1938), cunha obra moi extensa e moi relacionada entre si, formada por novelas e relatos curtos que comparten a creación dun mundo fantástico, con forte presenza de violencia e elementos políticos tratados de forma alegórica. Nela podemos destacar tres etapas:

-Nova Narrativa Galega: 1961-1971. Predominio da técnica experimental sobre o interese argumental. Tematicamente, trata o absurdo e a falta de sentido da vida, con influencia do existencialismo.

O crepúsculo e as formigas (1961) é un conxunto de relatos nos que deforma a realidade facéndonos dúbidos se o que narra é real ou imaxinario. Pero o máis importante vai ser a violencia para mostrar situacións de opresión e miseria, é dicir, para mostrar unha realidade. A violencia, que forma parte do absurdo da existencia, prodúcese en seres atormentados e nun espazo escuro que semella ser o culpábel. Na novela *Arrabaldo do norte* (1964), sen seguir ningún modelo francés determinado, vese que hai unha forte vontade tecnicista (técnica obxectalista), superpondo a estrutura narrativa ao interese do relato. Presenta un home incapacitado para a comunicación, con diálogos inútiles, que anda perdido polas rúas á procura dun cambio na súa vida que non dá conseguido.

As outras dúas etapas posteriores están xa fóra dos límites da NNG:

-Segunda etapa: 1971-1980. Maior riqueza temática e omnipresencia da preocupación política.

-Terceira etapa: a partir de 1980. Caracterízase por unha volta á fantasía e ás recreacións míticas e maior preocupación estilística, con Tago e Atala –Galiza– entre fábulas imaxinarias que encerran unha denuncia social

Outro autor que comezou coa Nova Narrativa Galega foi **CARLOS CASARES** (Ourense, 1941-Vigo, 2002), pero as súas mellores novelas son posteriores e de feitura moito máis clásica. Nesta corrente inscribíase o libro de relatos *Vento ferido* (1967) e a novela *Cambio en tres* (1969).

A súa prosa posterior é (tal como defendía Castelao) sinxela pero moi traballada, para resultar natural e interesar a un amplo número de lectores.

8.- O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

O teatro sufriu aínda máis que os outros xéneros narrativos as consecuencias da guerra e a posterior ditadura, ao ser impensábel un espectáculo público teatral en galego e a súa pervivencia é posíbel grazas ao labor do exilio: Castelao e *Os vellos non deben de namorarse*; Varela Buxán, que foi un dos principais animadores do teatro galego na Arxentina: autor teatral, director e actor. As súas obras son de corte rural-costumista e humorístico, aínda que non están exentas de crítica social, ou Blanco Amor, quen dirixiu o Teatro Popular Galego e escribiu *Farsas para títeres*, moi imaxinativas, cheas de elementos fantásticos e satíricos, que lembran o esperpento de Valle Inclán ou o teatro do absurdo europeo, pensadas para un público culto e *Teatro prá xente*, pezas de realismo costumista, pensadas para “a xente do noso pobo”, público pouco afeito a ler ou ver teatro.

En Galicia, entre 1950 e 1965, escríbese un teatro máis pensado para ler que para representar, dirixido a unha minoría intelectual galeguista e coñecedora do teatro francés, que utilizaba os mitos e personaxes da traxedia clásica grega para expoñer conflitos do mundo actual, e con influencia do existencialismo. Destaca **Cunqueiro** coa súa obra *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958) na que fai unha nova lectura do personaxe shakespeariano e dos seus problemas.

Tamén nesta época publican obras teatrais algúns dos membros da Xeración dos 50, como Franco Grande, Arcadio López Casanova ou Manuel María.

A mediados dos sesenta a mellora da situación social e económica propicia unha certa actividade teatral, malia ser sempre –e tamén nesta etapa– este xénero o menos cultivado da literatura galega.

No 1965 xorde o grupo teatral O Facho, dirixido por Manuel Lourenzo, que será tamén o fundador, dous anos máis tarde, do primeiro grupo independente. Extraordinaria importancia terán as **Mostras de Teatro de Ribadavia**, iniciadas no 1973 e que continuarán ata 1980, punto de encontro para os xa abundantes grupos teatrais independentes e estímulo para os autores, que poderán ver representadas as súas obras.

Algúns dos autores vinculados a esta iniciativa, e que continuaron a súa produción posteriormente ou aínda seguen, son:

-**Euloxio Rodríguez Ruibal**, autor de teatro experimental que comezou escribindo obras influídas pola técnica cinematográfica comprometidas coa realidade social e política do país. Nunha segunda etapa ten textos máis cómicos e satíricos sobre a situación galega. Hai que mencionar tamén a súa contribución ao seu teatro infantil.

-**Manuel Lourenzo**, actor, director e autor teatral, é unha das figuras máis importantes e prolíficas dos últimos 40 anos do noso teatro. Dentro da súa extensísima obra podemos sinalar tres ciclos:

- **Ciclo mítico**, no que se recrea personaxes míticos do teatro grego, como *Electra*.
- **Ciclo histórico**
- **Ciclo experimental**.

-**Roberto Vidal Bolaño** foi tamén autor, actor e director. O seu teatro seguiu dous camiños diferentes: por un lado atopamos textos simbólicos con raíces populares e por outro textos máis complexos cunha visión pesimista da vida.

9.- A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

Cando se produciu o alzamento militar contra a República comezou a **represión brutal**: xuízos sumarísimos, paseos, depuracións...

Algúns optaron pola fuxida cara a Portugal, outros pola resistencia armada: a **guerrilla**. Durante a guerra, os *fuxidos* perseguían a supervivencia. Despois (ata o 1950), convértese nunha auténtica resistencia ao franquismo, organizándose en grupos dirixidos por militantes comunistas (coa esperanza de que a derrota do nazismo supuxese a fin do *Réxime*). Aparecen xefes guerrilleiros moi populares e carismáticos. O P.C.E. retíralles a axuda a partir do 53 e o último guerrilleiro morre no 65.

O **galeguismo político** foi marxinado e perseguido pola ditadura. O Partido Galeguista mantivo actividade nos 40 con Ramón Piñeiro como enlace interno e co exterior e da súa man desapareceu no 1950 para dar paso ao galeguismo cultural de Galaxia. Tamén no exilio mantivo a súa presenza a través do Consello de Galiza (1944) especie de goberno galego, presidido por Castelao. Foi o P.C.E. a única organización antifranquista con certa presenza social na Galiza (co apoio á guerrilla).

Nos anos 40 a cultura galega mantívose unicamente fóra de Galiza cos **EXILIADOS**, que se estableceron onde xa había bases de emigrados (Bos Aires, Montevideo, México). Eles continuarán a produción cultural galega (editoriais, radio, revistas, teatro...) De 1940 a 1944 publícanse en América 18 libros en galego e varios en castelán sobre a nosa cultura, aquí nada de nada.

A figura máis importante será **Castelao**, polo seu labor político e cultural, que en Bos Aires estrea *Os vellos non deben de namorarse* (1941; en Galiza publicárase no 1953 e estreárase no 1961), publica *Sempre en Galiza* (1944, aínda que os inicios foron escritos antes da guerra civil) e *As cruces de pedra na Galiza* (1950).

I. Poesía.

Luís Seoane (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979). Veu de neno para Galiza e no 36, logo de meses na clandestinidade, puido saír do país. Volveu no 1963. Polifacético (máis coñecido como pintor) en Bos Aires tivo unha actividade variada e intensa: funda revistas (*Galicia emigrante*), fai radio, ilustra libros... Xa en Galiza crea con Isaac Díaz Pardo o *Laboratorio de Formas de Galicia*, orixe da cerámica de Sargadelos.

Podemos caracterizar a súa poesía cos seguintes trazos:

- * Estilo realista, ás veces case xornalístico.

- * Poesía sobria, discursiva, mais chea de forza e de paixón comunicativa.

- * Dominio do verso longo, case prosaico, seminarrativo.

- * Temática preferentemente social, con predominio do tema da emigración tratada desde a perspectiva dos propios emigrantes.

- * Escaseza de poemas persoais, nos que fale o propio *eu* de Seoane.

Fardel de exiliado (1952) é un dos seus títulos.

Escribiu tamén teatro (escrito en galego aínda que publicado en castelán).

Lorenzo Varela. (A Habana, 1916-Madrid, 1978). Escribe dous libros de poesía en galego, o máis significativo dos cales é *Lonxe* (1954). Dúas temáticas dominan o libro: unha mítico-histórica baseada na guerra civil na que canta ós guerrilleiros antifranquistas e outra saudosa, en torno á ausencia da Terra e ao exilio.

II. Narrativa: escritas no exilio e case todas publicadas na democracia. Son obras realistas e cargadas de elementos autobiográficos que tratan o tema da guerra civil, así como o dos anos inmediatamente posteriores. O mundo dos fuxidos, da guerrilla antifranquista e da represión son debuxados nuns textos directos que case sempre empregan un narrador en 1ª pers., outorgándolle deste xeito unha confidencialidade notábel á historia:

Non agardei por ningún, Ramón de Valenzuela, Bos Aires, 1957.

Era tempo de apandar, R. de Valenzuela, 1980

O silencio redimido, Silvio Santiago, 1976

O señor Afranio –ou como me rispei das gadoupas da morte–, Antón Alonso Ríos, 1979

Pero tamén se publican obras clave da nosa literatura como *A Esmorga*, de Blanco Amor ou *Memorias dun neno labrego* (1961) de Neira Vilas, un dos libros máis lidos de toda a narrativa galega e traducida a múltiples linguas.

III. Teatro

Manuel Varela Buxán foi un dos principais animadores do teatro galego na Arxentina. Ademais de autor teatral foi tamén director e actor. As súas obras son de corte rural-costumista e humorístico, aínda que non están exentas de crítica social. A súa compañía “Maruxa Villanueva” foi a encargada de representar *Os vellos non deben de namorarse*. (Hai que falar polo tanto desta obra tamén).

Tamén en Bos Aires **Blanco Amor** dirixiu o Teatro Popular Galego (1957) e escribiu varias pezas que se coñeceron en Galicia recopiladas en dous volumes *Farsas para títeres* (1973) e *Teatro prá xente* (1974). Unhas son obriñas de realismo costumista, pensadas para “a xente do noso pobo”, público pouco afeito a ler ou ver teatro; outras son farsas, non realistas, moi imaxinativas, cheas de elementos fantásticos e satíricos, que lembran o esperpento de Valle Inclán ou o teatro do absurdo europeo; están pensadas para un público culto.

10.- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

1975 foi o ano do cambio. Morre Franco e comeza para Galicia –e para España- a etapa democrática máis estensa de toda a súa historia. A presenza da lingua e a literatura galegas no ensino e a oficialidade do noso idioma supoñen un impulso sen precedentes para a promoción da literatura en galego: multiplícanse as empresas editoriais, os premios e revistas literarios.

No campo da poesía, *Con pólvora e magnolias* (xunto con *Mesteres* (1976) de Arcadio López Casanova) foi quen marcou ese cambio. Tiña que vir dado por un home metido de cheo na política e na protesta social como Xosé Luís Méndez Ferrín. O libro rompe co socialrealismo e abre temas novos e variados: intimismo existencial, metafísica, mitoloxía cultural, político social, redescobre a linguaxe, e aparece un novo estilo máis culturalista.

Nos anos oitenta as principais características definitorias da poesía galega son:

- Ruptura co social-realismo. Prodúcese un distanciamento entre o poeta e a sociedade.
- Busca de novos suxeitos líricos (=negación da perspectiva autobiográfica)
- Experimentación e interdisciplinidade (coa música, a plástica...)
- Culturalismo e intertextualidade (emprego de referencias culturais variadas: literarias, filosóficas, mitolóxicas, musicais...)
- Integración de elementos da cultura urbana e marxinal: drogas, depresións, etc.
- Incorporación do erotismo explícito.
- Recreación mítica.
- Preocupación formalista, barroquismo. A poesía é a arte da linguaxe.

Aínda que é moi difícil facer unha selección dos autores máis importantes do momento (por non haber o suficiente distanciamento nin perspectiva histórica) nin unha clasificación dos mesmos, faremos unha selección utilizando un criterio moi subxectivo de gustos persoais e buscando non recargar a exposición de nomes e títulos.

A cabalo aínda entre o social-realismo e as novas tendencias está **DARÍO XOHÁN CABANA** (1952), moitas das súas poesías serán cantadas por grupos como *Fuxan os Ventos*; gran dominador do verso e a linguaxe, é tamén tradutor ao galego de Dante e Petrarca, ademais de nome recoñecido na narrativa actual. Os primeiros tanteos renovadores (1976-78) virán da man de varios colectivos poéticos de curta duración: **Rompente** (entre os seus membros Antón Reixa e Manuel Romón), **Alén** e **Cravo Fondo**. **A partir de 1980** consolídase a renovación coas características antes citadas pero non compartidas por todos, non hai unha escola, son diferentes escollas estéticas e voces singulares. Entre eles están:

- **MANUEL VILANOVA** (1944), mítico e simbolista, escribe *E direivos eu do mester de cobras* (1980), etc.
- **XOSÉ M^a ÁLVAREZ CÁCCAMO** (1950), aberto á realidade a través de vivencias familiares, escribe *Praia das furnas* (1983), etc.....
- **MIGUEL ANXO FERNÁN-VELLO** (1958): o amor, corpo, o desexo... e tamén a sombra e a ausencia son os seus temas poéticos.

A partir dos **anos noventa** é máis difícil aínda falar de tendencias comúns, dado o carácter individualista de cada poeta. A pluralidade é a tónica dominante. Desde o punto de vista **formal**, achamos desde propostas clásicas (os sonetos de Miro Villar) ata o versolibrismo. Ao lado da expresión contida, o minimalismo e a depuración máxima atopamos poetas torrenciais, case narrativos. Ao lado da expresión directa e sinxela, a presenza do símbolo e o hermetismo. Desde o punto de vista **temático**, uns autores adoptan unha actitude desmitificadora, combativa ou provocadora (no sexual, no ideolóxico, no literario...), mentres outros teñen enfoques máis tradicionais (amor, desamor, soidade, morte...)

Algunhas máis ou menos compartidas poderían ser:

- Linguaxe máis directa e coloquial, que resulta máis próxima ao lector.
- Predominio dos recitais, para producir un contacto entre o poeta e o ouvinte, máis que entre o poeta e o lector, nun intento de democratizar a poesía.
- Tratamento de temas sociais con novas sensibilidades: Insubmisión, ecoloxismo, feminismo..
- Algúns difunden tamén os seus versos a través de Internet, tanto en versión texto como en audio e vídeo.

Prodúcese tamén unha importante incorporación da muller á poesía, xa iniciada na década precedente, que proporciona unha nova vertente feminina e feminista (deconstrución do universo masculino-machista, erotismo e sexualidade femininos...): **Luísa Villalta**, **Chus Pato**, **Iolanda Castaño**, **Lupe Gómez**... Evidentemente, seguen publicando a maioría dos autores anteriores e xorden multitude de novos autores: Xosé Carlos Caneiro, Anxo Quintela, Millán Otero, Miro Villar, etc., etc.

11.- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

1. PROSA

A transformación socio-política producida desde o 1975 tivo enormes repercusións na cultura galega, que viu aberta a súa presenza en ámbitos ata entón vedados. Por iso medra tamén a industria editorial, coa aparición de novas editoriais e premios literarios. Na década dos 80 houbo un aumento exponencial do número de obras publicado, favorecido pola introdución do galego no ensino, que abre unha demanda potencial de lectores novos con expectativas radicalmente distintas ao lector dos anos setenta (universitario, ideoloxizado...), o que explica a aparición dunha boa literatura infantil e xuvenil e tamén a orientación temática dunha parte considerábel da literatura.

Como característica desta nova etapa debemos destacar unha maior diversificación en todos os aspectos: de estilos, de temas e de rexistros lingüísticos:

a) Publícanse parte das novelas centradas na guerra civil e posguerra, case todas escritas moitos anos antes no exilio.

b) Narrativa histórica, con introdución de elementos fantásticos ou de aventuras (Xoán Bernárdez Vilar, Alfredo Conde...).

c) Narrativa de xénero: do oeste (Xosé Fernández Ferreiro), ciencia-ficción (Xosé Fernández Ferreiro, Lois Diéguez), erótica, negra (Carlos G. Reigosa...) que será a que maior éxito acadará, de feito as novelas de Domingo Villar *Ollos de auga* -2006- e *A praia dos afogados* -2009- son éxitos actuais tanto en galego como na tradución castelá.

d) Narrativa experimental (Anxo Rei Ballesteros, Alfonso Pexegueiro...)

e) Narrativa realista (Xavier Alcalá, Alfredo Conde...)

f) Narrativa humorística (Alfonso Álvarez Cáccamo).

g) Narrativa fantástica, en boa parte influenciada por Cunqueiro (Darío Xohán Cabana).

h) Narrativa intimista (Marina Mayoral).

i) Narrativa urbana e experimental (Suso de Toro).

l) Narrativa feminina ou feminista, con protagonismo feminino.

Neste período fecundo da nosa historia cultural, que corresponde co final da vida dos vellos mestres nados nas primeiras décadas do século (Blanco Amor, Cunqueiro...) e mais coa obra de madurez dos mozos que participaron na recuperación cultural dos anos 50 e 60 (Ferrín, Casares, Neira Vilas...) incorpóranse á literatura galega moitos novos narradores.

Aínda que é moi difícil facer unha selección dos autores actuais (por non haber o suficiente distanciamento nin perspectiva histórica) nin unha clasificación dos mesmos, citaremos algúns utilizando un criterio moi subxectivo de gustos persoais e buscando non recargar de nomes e títulos.

CARLOS CASARES (Ourense, 1941-Vigo, 2002) comezou coa Nova Narrativa Galega, mais as súas mellores novelas son posteriores e de feitaura moito máis clásica. A súa prosa é (tal como defendía Castela) sinxela pero moi traballada, para resultar natural e interesar a un amplo número de lectores. *Ilustrísima* (1980) é unha breve novela na que un bispo de principios de século en Ourense se ve obrigado por unha sociedade retrógrada e fanática a condenar o cine contra a súa vontade. *O sol de verán*, publicada pouco despois da súa morte está narrada por unha muller, Helena, que lembra un amor imposible, afectada polo repentino suicidio de Carlos.

XOSÉ MANUEL MARTÍNEZ OCA (A Estrada, 1942) é para moitos o mellor narrador desta xeración. Ten unha extensa obra de novelas e relatos curtos. Destacaremos *Beiramar* (1983), Premio Blanco Amor, na que combina realismo con elementos do mítico popular galego

ALFREDO CONDE (Allariz, 1945), cunha ampla obra na que destacamos *Xa vai o Griffón no vento* (1984), premio Blanco Amor e Premio Nacional da Crítica (1ª vez que se lle concedía este último premio a unha obra en galego): narra alternativamente dúas historias; unha que acontece na Compostela do s. XVI, no ambiente da Inquisición, e outra na Provenza actual.

XAVIER ALCALÁ (Miguelturra-Ciudad Real, 1947): A novela que, ata o momento, gozou de maior éxito foi *A nosa cinza* (1980) na que nos ofrece unha visión da infancia e a mocidade da xeración da posguerra. Xa no s. XXI publicou unha triloxía sobre a historia das comunidades evanxélicas en Galicia.

CARLOS G. REIGOSA (Pastoriza, 1948), coñecido principalmente polas súas novelas detectivescas: *Crime en Compostela* (1984), *O misterio do barco perdido* (1988) -sobre tráfico de armas-, *A guerra do tabaco* (1996) e *Narcos* (2001), as dúas sobre o narcotráfico.

DARÍO XOHÁN CABANA (1952): O seu mundo narrativo está fortemente influenciado por Cunqueiro: construción sinxela, fusión de fantasía e realidade, reutilización da materia de Bretaña e da mitoloxía popular, *Galván en Saor* (1989) é a máis representativa. *Morte de Rei* (1996) é unha ambiciosa e modélica novela histórica.

SUSO DE TORO (1956): É, xunto con Manuel Rivas, o máis importante dos narradores actuais. Ten unha obra extensa e moi variada. As súas primeiras obras son libros fragmentarios, transgresores, con personaxes marxinais, múltiples voces narrativas (entre as que sobresaen Nano, un personaxe esquizofrénico que reinterpreta vida e obras literarias), fragmentos de cadernos... *Tic-Tac* (1993) é o seu máximo expoñente e a que pon fin a esta tendencia. As súas obras posteriores son máis convencionais. *A sombra cazadora* (1994) é unha exitosa novela xuvenil de ciencia-ficción, ao mesmo tempo que un relato iniciático e unha reflexión sobre o poder manipulador dos medios de comunicación.

MANUEL RIVAS (1957): É o escritor actual con maior proxección editorial e mediática, dentro e fóra das nosas fronteiras. As súas primeiras obras no campo da narrativa foron libros de relatos, cheos de humor e lirismo -*Que me queres, amor?* (1995)-; entre as novelas sobresaen *O lapis do carpinteiro*

(1998) onde narra unha historia de amor ambientada na guerra civil e na inmediata posguerra; ambas as dúas obras foron levadas con éxito ao cine.

ANTÓN RIVEIRO COELLO (1964) cultiva unha temática moi variada (desde o xénero negro ata a evocación da infancia) nos moitos relatos e novelas publicados ata o momento. *As regras de Bakunin* está protagonizada por un vello loitador anarquista e desenvólvese ao longo de case todo o s. XX.

Nos últimos anos desta etapa está a producirse un boom de **narrativa de mulleres** (como sucedera pouco antes na poesía) que aínda sendo moi variada posúe algúns trazos comúns: protagonismo feminino, cuestionamento dos valores patriarcais e dos roles tradicionais, as relacións entre mulleres... Os nomes máis destacados son **ROSA ANEIRO** (1976), **TERESA MOURE** (1969) con *Herba moura* ambientada no s. XVI en Suecia e Ámsterdam e **MARÍA REIMÓNDEZ** (1975), cuxa obra *Q club da calceta* trata sobre a condición feminina na sociedade actual a través de seis protagonistas moi diferentes.

Mención á parte merece a **literatura infantil e xuvenil** (frecuentemente premiada fóra das nosas fronteiras). Algúns dos seus autores, aínda que ningún deles se dedica en exclusiva a este xénero son:

PACO MARTÍN (1940): A máis lida, premiada e traducida de toda a súa obra é *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), humorística e fantástica, os eu protagonista fai cousas extraordinarias, como debuxar soños ou organizar carreiras nas nubes sen contraste coa xente común coa que convive. Ultimamente publicou *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008).

MARILAR ALEIXANDRE (Madrid, 1947): Incorporouse serodiamante á literatura galega coa publicación en 1989 de *A formiga coxa*, infantil; outra obra xuvenil, de aventuras é *A expedición do Pacífico* (1994).

FINA CASALDERREY (Xeve, 1951): Mestra pontevedresa e autora de grande éxito con moitas das súas obras, desde nenos pequenos ata adolescentes, con multitude de premios e traducida a todas as linguas da península. *¡Asústate, Merche!* (1994) *O misterio dos fillos de Lúa* (1995), *Dúas bágoas por Máquina* (1991) ...

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ (Vilalba, 1947): Entre os numerosos títulos que escribiu ata agora, atopamos unha ampla variedade temática: dende narracións de medo (*Cartas de inverno*, *Aire negro*) ata novelas de anticipación (*O centro do labirinto*), pasando por outros que recollen historias realistas (*Trece anos de Branca, Rapazas*). Unha característica presente nunha boa parte dos seus libros é a irrupción dalgún elemento fantástico no mundo real (*Cos pés no aire*, *As flores radiactivas*, *Amor dos quince anos*, *Marilyn*, *Avenida do Parque, 17*, *As fadas verdes*), moitas veces adobada cunha abondosa carga de ironía e humor (*O laboratorio do doutor Nogueira*, *Contos por palabras*). O seu último libro, polo de agora, é *Noite de voraces sombras*, unha novela onde aborda o que significou a guerra civil desde os ollos dunha rapaza de hoxe.

2. ENSAIO

O ensaio é o xénero máis novo da literatura galega (s. XVIII), fortemente impulsado na época de preguerra pola Xeración Nós e tamén cultivado polos homes do Seminario de Estudos Galegos.

A partir de 1950, o núcleo fundador da Editorial Galaxia dedicárase sobre todo ao ensaio (ademais de promoveren a publicación de poesía e narrativa doutros moitos autores). Entre eles imos destacar a:

RAMÓN PIÑEIRO (1915-1990). Principal promotor do proxecto Galaxia, publica e promove o ensaio en galego coa intención de demostrar que a nosa lingua é válida para todo tipo de expresión cultural; ao mesmo tempo e para remarcar a vocación europeísta do galeguismo conectándoo co máis avanzado do pensamento europeo (seguindo polo tanto as ideas da Xeración Nós) traduce en colaboración con Celestino Fernández de la Vega a Heidegger. A súa achega filosófica consiste en considerar a **saudade**, a **paisaxe** e o **humor** como a esencia da identidade galega, concepto sobre o que escribe varios estudos recollidos no volume *Filosofía da saudade* (1984).

RICARDO CARBALLO CALERO (1910-1990). É autor dunha extensa e variadísima obra (poesía, narrativa, teatro, ensaio). Como ensaísta trata temas filolóxicos, lingüísticos e literarios. Entre os seus múltiples estudos hai dous que tiveron unha importancia capital: *Gramática elemental del gallego común* (1966), primeira da época actual e *Historia da literatura galega contemporánea* (1963).

Nos anos 80 acadaba unha grande vitalidade debido a varios factores:

- * Aparición de revistas de pensamento como **Encrucillada**, de pensamento cristián; **Festa da palabra silenciada**; de orientación feminista, **Luzes de Galiza**, de expresión artística...

- * A creación de coleccións específicas nas editoriais e a constitución de outras como **Laiovento** que publican preferentemente ensaio en galego (orixinal e traducido).

- * A galeguización de moitos ámbitos universitarios contribuíu á formación de investigadores que publican en galego as súas obras.

O campo ensaístico é moi diverso e, aínda que resulte difícil facer unha clasificación, pódense establecer algunhas liñas temáticas:

- **Economía e política**. Hai que destacar o labor de **XOSÉ MANUEL BEIRAS**, cuxa súa obra *O atraso económico de Galicia* (1972) supuxo un punto de inflexión na percepción da realidade galega.

- **Sociolingüística**. É salientable o traballo de **XESÚS ALONSO MONTERO** ou FRANCISCO RODRÍGUEZ, con obra xa clásicas como *Informe dramático sobre a lingua galega* ou *Conflicto lingüístico e ideoloxía*, respectivamente.

- **Teoloxía e filosofía**. No primeiro campo destaca **ANDRÉS TORRES QUEIRUGA**. O ensaio filosófico ten menos cultivadores na actualidade, a pesar dos precedentes da Xeración Nós ou do Grupo Galaxia.

- **Feminismo**. **MARÍA XOSÉ QUEIZÁN** (narradora, poeta, dramaturga) é tamén unha das máis importantes representantes co seu libro *Recuperemos as mans*, entre outros.

12.- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

O cambio de réxime vivido á morte do ditador Franco conlevou unha mudanza radical no terreo literario, reorientando e diversificando a oferta. O mesmo sucede no teatro, no que se produce unha revitalización que nunca tivera na nosa historia literaria, mais de todos os xeitos continúa a ser “a irmá pobre” da literatura, gozando dunha posición inferior á poesía ou á narrativa.

Podemos distinguir tres **fases** no teatro actual:

a) **Formación de compañías profesionais** (1978-1983). Grupos nados ao redor das Mostras de Ribadavia emprenden a aventura facer do teatro a súa profesión, superando polo tanto a fase de afeccionados na que debían vivir doutro traballo. Podemos destacar *Sarabela Teatro*, en Ourense, como compañía exitosa que segue en 1ª liña na actualidade. No plano estético, as obras de intencionalidade política explícita ou alegórica van deixando paso a propostas máis diversificadas e máis complexas.

b) **Institucionalización** (1984-1991). O primeiro fito é a creación do Centro Dramático Galego (1984), primeira compañía pública dependente da Consellería de Cultura, ademais da convocatoria de diversos premios amparados por outras institucións públicas. Xorden ademais novas compañías profesionais (*Teatro do Morcego*, Cangas, 1989).

c) **Desenvolvemento** (ata a actualidade). Multiplícanse as compañías profesionais, e aparecen outras de teatro alternativo ou experimental; e ponse en funcionamento a Rede Galega de Teatros e Auditorios (1996) o que permite unha oferta máis estábel e descentralizada e no curso 2005/06 arranca en Vigo a Escola Superior de Arte Dramática, primeiro centro oficial para o ensino e aprendizaxe teatrais.

Ao longo destes 30 anos van aumentando tamén as publicacións e coleccións de teatro, como os *Cadernos* da Escola Dramática Galega ou os *Libros* do Centro Dramático Galego publicados por Ed. Xerais, pero tamén neste campo o teatro é a “*Cinsenta*” da literatura.

Ao contarmos cunha oferta moi diversificada, é difícil atopar unhas características comúns a todo o teatro desta época, pero a maioría dos estudosos sinalan catro liñas que con frecuencia se entrecruzan: a **crítica**, a **irónica**, a **lúdica** e a **culta**. O teatro crítico, comprometido coa realidade non vai ser tan directo e combativo como no final do franquismo senón que botará man do humor e a sátira para reflectir diferentes aspectos da nova realidade. A corrente lúdica maniféstase nas comedias de enredo, musicais... Outra tendencia é a **culturalista**, caracterizada polo xogo do “teatro dentro do teatro” e interrelación vida / escena; a **intertextualidade** con outros textos da dramaturxia universal, que xa cultivara Cunqueiro e outros autores nos anos 50/60, volve ter vixencia e encontra un novo viveiro na adaptación de novelas galegas contemporáneas (*A esmorga* de Sarabela Teatro ou *O club da calceta* de Teatro do Morcego). E cobran cada vez maior relevancia as obras de carácter **experimental**.

Entre os **autores** debemos comezar por lembrar a boa parte dos que participaron nas Mostras de Ribadavia, como Euloxio Rodríguez Ruibal, Manuel Lourenzo ou Roberto Vidal Bolaño, auténticos “pais” do teatro actual e cuxa obra pertence maioritariamente a esta etapa. Aínda que é moi difícil facer unha selección dos autores máis (por non haber o suficiente distanciamento nin perspectiva histórica), citaremos algúns utilizando un criterio moi subxectivo de gustos persoais e buscando non recargar de nomes e títulos.

MANUEL GUEDE OLIVA (1956). Tradutor e adaptador de autores clásicos (Molière, Shakespeare, Ibsen...) foi director do Centro Dramático Galego durante tres lustros, foi premio Álvaro Cunqueiro (o máis prestixioso en teatro) no ano 2006 cunha obra protagonizada por *La Bella Otero*.

JOÃO GUISÁN SEIXAS (1957). Características de toda a súa produción son a ironía e a personificación de elementos da escenografía.

XESÚS PISÓN (1954). Cunha obra moi extensa caracterizada pola axilidade da lingua e o logrado ritmo escénico, a súa temática é moi variada: desde a crítica social evolucionou a un teatro pesimista e cheo de amargura sobre as dificultades das relacións humanas. Ten tamén teatro infantil de carácter fantástico moi afastado desa visión pesimista.

QUICO CADAVAL (1960). Actor, contacontos, director e autor teatral.

CÁNDIDO PAZÓ (1960). Tamén actor, guionista, contacontos, director e autor teatral, é un dos máis orixinais, prolíficos e premiados da actualidade. Os seus textos potencian os monólogos ou diálogos que poñen en evidencia as ambicións, carencias e contradicións dos seres humanos. Fixo unha adaptación, *Nano*, da novela *Tic-tac* de Suso de Toro.